

25 de xullo: Día da Patria

GALIZA VAI CONTIGO

Un ano máis o vindeiro 25 de xullo os galegos e as galegas tomaremos civicamente as rúas de Compostela, convencidos de que é desde nós propios como os nosos problemas colectivos poden vir a ter arranxo, que é desde nós propios como realmente podemos ser unha nación que produza riqueza material e cultural.

O Día da Patria é xa unha referencia para todos aqueles que sen preconceitos se queiran debruzar sobre a realidade social galega, e neste ano 2004 o BNG convócao baixo o lema *Galiza vai contigo*; facendo deste xeito un chamamento ao compromiso activo dos galegos e galegas coa nosa nación, porque o que esta sexa vai depender de nós.

Galiza debe aproveitar no novo contexto político que se dá a nivel do Estado a oportunidade de satisfacer plenamente a demanda maioritaria da nosa sociedade: máis autogoberno para ter máis liberdade e máis benestar; máis autogoberno para a dignificación da nosa lingua e cultura e o respecto á nosa identidade nacional.



O compromiso do BNG é pór a nosa vontade, os nosos recursos e o noso talento para aproveitar con ambición, sen límites e sen complexos, esta oportunidade para asegurar o noso futuro como pobo. Neste camiño queremos contar con toda a sociedade galega; todos e todas debemos participar na construción da Galiza do futuro, un futuro no que teñamos capacidade de decisión propia, para defender os nosos intereses e aplicar deseños económicos, sociais e culturais que nos permitan construír a Galiza do Benestar.

MANIFESTACIÓN NACIONAL ÁS 12H. DA MAÑÁN NA ALAMEDA DE COMPOSTELA

O ACORDO DE DAR POR REMATADO O PROCESO DE SEGREGACIÓN NON É BO PARA O NOSO CONCELLO

O mércores 23 Xuño o equipo de goberno levou a pleno a proposta de resolución para dar por rematado o proceso de segregación dos concellos de Vilanova de Arousa e a Illa de Arousa.

A este principio de acordo chegaron, despois de manter varias reunións, representantes da Xunta de Galiza e representantes dos dous concellos afectados, cos seus respectivos alcaldes à cabeza.

A capacidade negociadora do noso Alcalde Manuel Vazquez limitouse a conseguir para o concello da Illa de Arousa tan só un Edificio Multiusos, do cal xa estaba comprometido o seu financiamento en boa medida por parte da Xunta de Galiza e a Deputación Provincial de Pontevedra en acordos do ano 2003. Ademais conseguiu uns cretos por valor de 621.000 € a devolver nos vindeiros anos sin ningún tipo de xuro.

Ao chegar a hora de votar esta proposta de acordo no Pleno da Corporación o resultado foi sorprendente e ao mesmo tempo esclarecedor: PSOE e PP votaron a favor, o concelleiro de Independentes abstívose e o BNG votou en contra.

¿Por que o BLOQUE NACIONALISTA GALEGO votou en contra da devandita proposta?

Xa desde un primeiro momento pareceunos totalmente insuficiente o que se lle ofrecía ao pobo da Illa de Arousa, tanto no que se refire a infraestruturas como no caso das partidas crediticias sen xuros coas que poder facer fronte a problemas de liquidez.

O noso concelleiro chegou ao Pleno con vontade de conquistar o mellor para a Illa de Arousa e ofrecémoslles aos demais grupos da corporación unha nova proposta, unha proposta aberta ao debate e ao consenso para beneficio de todos os veciños e veciñas.



Plantexámoslles aos outros grupos presentes na Corporación a necesidade de abordar as seguintes medidas urxentes para o desenvolvemento do noso Concello:

- Nova estrada de acceso ao Xufre
- Ampliación deste porto e dotación dos servizos axeitados para cubrir as necesidades da nosa flota.
- Recoñecemento por parte da Xunta da dèbeda que ten coa Illa de 420.000 euros polo remate da Casa do Concello.

Ademais destas medidas urxentes propoñiamos outras actuacións a desenvolver a medio prazo como son a creación dun polígono industrial e un complexo deportivo.

Pero desgraciadamente a nosa proposta caeu en saco roto, dado que desde o principio o PSOE e o PP viñan cun único obxectivo que era o de aprobar o acordo que tiñan coa Xunta.

E así o PP xa mostrou estar a favor desde un principio mentres que o PSOE non quixo facer pública a súa postura de apoio ao acordo até o mesmo momento do Pleno.

Os primeiros recoñeceron que o conseguido era pouco, pero... e que a proposta do BNG era boa, pero... E a pesares de todo isto o seu voto foi favorable á proposta da alcaldía.

E o equipo de goberno tamén recoñeceu que non era moito o que se conseguira, aínda que en ningún momento o Sr. Alcalde dubidou da súa capacidade negociadora e de xestión en asuntos

tan complexos. O Sr. Alcalde dixo literalmente que a proposta do BNG era algo que a todos e a todas nos gustaría ter conseguido, sin embargo decidiu rexeitala "de motu proprio" sin tela se quera en consideración.



Andrés González Pena, portavoz do BNG

Por suposto que ao remate do Pleno o Sr. Alcalde mostrouse moi contento por ter sacado adiante o acordo ao que chegara coa Xunta de Galiza.

A ocasión era inmejorable dado que tiñamos a oportunidade de acadar o consenso na Corporación. Ademais con toda seguridade se tería chegado a acadar o apoio do pobo da Illa de Arousa (se fora necesario). Todo con tal de conseguir que este Concello avanzase o suficiente para poñerse en igualdade de condicións sociais e de desenvolvemento que os outros concellos da comarca do Salnés.

Desgraciadamente mozas e mozos teñen que marchar a traballar fóra. Nenas, nenos, vellos e vellas non teñen onde desenvolverse cultural, social ou deportivamente con medios axeitados. Unha vez máis o PSOE rexeitou a man tendida que lle ofreceu o BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, e logo dirán que non ofrecemos a nosa dispoñibilidade para chegar a acordos.

Unha vez máis o Grupo de Goberno da Illa de Arousa colleitou un fracaso, pero o peor é que este fracaso vai ser sufrido por todos os veciños e veciñas da Illa de Arousa.



- O PSOE está a chegar a mais acordos co PP que cos demais grupos políticos presentes na Corporación, dous exemplos son a aprobación do acordo para o peche da segregación ou na aprobación dos orzamentos de 2004 e as contas de 2002.
- A Illa de Arousa foi o único concello que vivindo principalmente do mar quedou esquecido no PLANO GALICIA, xa que os nosos dirixentes non negociaron a entrada nese plan de cuestións tan importantes como o polígono industrial, a estrada ó porto do Xufre, ou as infraestruturas necesarias no devandito porto.
- Queren construír unhas 3000 prazas de aparcamento no Bao. Que imaxe tan bonita para atraer o turismo de calidade! Entrar nunha vila mariñeira coma esta e ver un mar de coches debidamente aparcados. O Bao debe ter unha imaxe natural e cuidada, non explanadas de cemento ou asfalto.
- Definitivamente o equipo de goberno parece ter renunciado a negociar con XESTUR a creación de chan industrial no noso concello, mostrando o cambio de discurso do PSOE da Illa no referente às necesidades do noso pobo.
- ¿Para cando o Museo da Conserva?. ¿Para cando a ordenación do que era a zona de Godoy?. ¿Para cando un pabillón de deportes na Illa?. Estamos moi acostumados a ter unha chea de proxectos ilusionantes para a Illa, que por desgracia non deixan de seren meras ilusións.

Máis información do BNG:

Www.bng-galiza.org/osalnes
E-mail: salnes@bng-galiza.org
Tf 986565059

